


# EXEMPLO

## Páxina web con Logos da Xunta e do FSE+



### Bonos Talento Empresa

Para a realización de proxectos formativos de curta duración que se desenvolvan por parte das entidades beneficiarias



Cofinanciado pola  
Unión Europea



Fondos Europeos

Este procedemento está cofinanciado pola Unión Europea, no marco do programa operativo FSE+ Galicia 2021-2027. Obxectivo político 4: “Unha Europa máis social e inclusiva mediante a aplicación do pilar europeo de dereitos sociais”, para que as persoas traballadoras ocupadas participantes nos proxectos formativos das entidades beneficiarias melloren as súas habilidades.

Esta Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a través da Subdirección Xeral de Cualificacións e Capacidades para o Emprego, ofrece esta axuda “Bonos Talento Empresa” dirixidas ás empresas, para impartir “**microcredencias**”: accións formativas de carácter **non formal**, de **curta duración**, de entre 16 e 100 horas, dirixidas aos seus traballadores, para financiar o investimento na capacitación do seu persoal, co obxectivo de mellorar o seu rendemento e capacidades e dese modo incrementar a súa competitividade.

Esta liña de axudas para microcredencias de formación enmárcanse na **Axenda de Capacidades Europea** para a competitividade sostible, a equidade social e a resiliencia (COM 2020 274) e na súa Recomendación do 16 de xuño de 2022 relativa a un enfoque europeo das microcredenciais para a aprendizaxe permanente e a empregabilidade (2022/C 243/02), **e son cofinanciadas nun 60% polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+)**:

- Obxectivo político 4: “Unha Europa máis social e inclusiva mediante a aplicación do pilar europeo de dereitos sociais”
- Prioridade 1. “Emprego, adaptabilidade, emprendemento e economía social”
  - Obxectivo específico ESO4.4 “Promover a adaptación dos traballadores, as empresas e os emprendedores ao cambio, o envellecemento activo e saudable e un entorno de traballo saudable e ben adaptado que aborde os riscos para a saúde”
  - Medida 1.D.01.: “Axenda Galega de Capacidades para o Emprego. Formación de persoas traballadoras”



En liña co anterior, o goberno galego está a despregar unha **Axenda Galega de Capacidades para o Emprego**,...